

Como funciona a a Tarxeta Turística?

A partir de mañá, 14 de abril, o particular deberá facer a correspondente solicitude a través da Sede Electrónica da Xunta, unha única solicitude por persoa, na que deberá indicar a contía da tarxeta prepagado que solicita. sede.xunta.gal (Código de Procedemento TU985D)

Hai tres tramos de saldo para as tarxetas, aínda que en todos os casos **a Xunta asume o 60%** desta cantidade e **o particular o outro 40%**:

- Tarxeta de **500 €** (300 € Xunta – 200 € particular)
- Tarxeta de **375 €** (225 € Xunta – 150 € particular)
- Tarxeta de **250 €** (150 € Xunta – 100 € particular)

Verificado que o solicitante cumpre os requisitos, tramitarase a solicitude exclusivamente por orde de petición. O solicitante deberá abonar a parte correspondente no momento en que lle sexa admitida a súa solicitude. unha vez feito o pagamento remitiráselle a resolución de adxudicación da a Tarxeta Turística e Abanca procederá a remitiralle a tarxeta prepagado ao seu domicilio.

As persoas beneficiarias poderán utilizar o saldo da súa tarxeta de forma total ou parcial, así como completar os pagos, de non ter saldo suficiente, con outras formas de pago admitidas polo establecemento turístico.

A tarxeta prepagamento, que emitirá a entidade bancaria colaboradora, estará operativa ata o 15 de decembro do 2021, data na que perderá toda a súa vixencia. Poderá ser empregada nos establecementos de aloxamento turístico e axencias de viaxes, así como nos seus servizos asociados, que se adhiran ao programa.

Poderán solicitar a Tarxeta Turística de xeito voluntario ás persoas, maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia.

A adhesión de persoas beneficiarias ao programa Tarxeta Turística está regulada pola **Resolución de 7 de abril, pola que se establece o procedemento de concesión da Tarxeta Turística #QuedamosEnGalicia para ás persoas, maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia**, que pode consultar [aquí](#), e no que se identifican os seguintes requirimentos:

- Poderán ser beneficiarias desta Tarxeta Turística #QuedamosEnGalicia as **persoas físicas maiores de idade**, que estean **empadroadas nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia**.
- **Cada persoa física** unicamente poderá solicitar e ser adxudicataria **dunha Tarxeta Turística #QuedamosEnGalicia**.
- **Non poderán** solicitar nin **ser beneficiarias** desta nova edición da Tarxeta turística #QuedamosEnGalicia, **as persoas** que xa resultaran **beneficiarias na primeira edición do Bono Turístico**.

O prazo para solicitar a tarxeta finalizará o 1 de novembro de 2021 e o prazo para consumir o saldo das tarxetas prepagamento finaliza o 15 de decembro de 2021

Todas as declaracións serán validadas para garantir que cumpren cos requirimentos anteriores e as persoas solicitantes recibirán unha notificación electrónica confirmándolle a súa adhesión ou, se fora o caso, o seu rexeitamento. Se a persoa solicitante non estivera de acordo coa resolución poderá realizar a correspondente reclamación empregando un dos [procedementos xenéricos](#) que, a tal efecto, están dispoñibles na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.